

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 /2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019 /2020

MÚSICA E.S.O.

E.S.O.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

2º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

BLOQUE 1		Interpretación e creación
ID. DO CRITERIO	ID. DO ESTÁNDAR	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1.	MUB1.1.2.	<i>Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</i>
	MUB1.1.3	<i>Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</i>
B1.3.	MUB1.3.1.	<i>Interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</i>
B1.4.	MUB.1.4.2.	<i>Canta as pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</i>
	MUB.1.4.3.	<i>Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</i>
	MUB.1.4.4.	<i>Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel</i>
	MUB.1.4.5.	<i>Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</i>
B1.6.	MUB1.6.1.	<i>Practica, interpreta e memoriza pezas vocais instrumentais de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</i>
	MUB1.6.2.	<i>Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais do patrimonio español e galego.</i>
BLOQUE 2		Escoita
B2.1	MUB2.1.1.	<i>Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</i>
	MUB2.1.2.	<i>Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</i>

B2.2	MUB2.2.1.	<i>Sigue partituras como apoio á audición.</i>
BLOQUE 3 <i>Contextos musicais e culturais</i>		
B1.1.	MUB1.1.1.	<i>Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</i>
B1.2.	MUB1.2.1.	<i>Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc).</i>
B2.4.	MUB2.4.1.	<i>Describe os elementos das obras musicais propostas.</i>
	MUB2.4.3.	<i>Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</i>
B3.4.	MUB3.4.1.	<i>Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</i>
	MUB3.4.2.	<i>Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</i>
BLOQUE 4 <i>Música e tecnoloxías</i>		
B4.1.	MUB4.1.1.	<i>Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</i>
B4.2	MUB4.2.1.	<i>Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</i>
BLOQUE 5 <i>Actitudes</i>		
B1.4.	MUB1.4.1.	<i>Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</i>
B1.5.	MUB1.5.2.	<i>Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</i>
B1.6.	MUB1.6.3.	<i>Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/-a e dos compañeiros/as.</i>
	MUB1.6.4.	<i>Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/-as intérpretes, audición</i>

		<i>interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</i>
	<i>MUB1.6.5.</i>	<i>Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</i>
<i>B2.3.</i>	<i>MUB2.3.1.</i>	<i>Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</i>
<i>B2.5.</i>	<i>MUB2.5.1.</i>	<i>Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</i>
<i>B3.2.</i>	<i>MUB3.2.1.</i>	<i>Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</i>
<i>B3.3.</i>	<i>MUB3.3.1.</i>	<i>Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.</i>
<i>B3.5.</i>	<i>MUB3.5.2.</i>	<i>Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</i>
<i>B5.1.</i>	<i>MUB5.2.1.</i>	<i>Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula e a autoridade do profesorado</i>
<i>B5.2</i>	<i>MUB5.4.1.</i>	<i>Realiza as tarefas encomendadas amosando interese e esforzo</i>

3º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

BLOQUE 1		<i>Interpretación e creación</i>	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
ID. DO CRITERIO	ID. DO ESTÁNDAR		
B1.1.	<i>MUB1.1.1.</i>	<i>Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama, notas adicionais, clave de fa en cuarta, duración das figuras, signos de prolongación, compases simples).</i>	
B1.2.	<i>MUB1.2.1.</i>	<i>Recoñece, comprende e analiza tipos de textura: monodia e polifonía primitiva (canon), homofonía, contrapunto e melodía acompañada.</i>	
B1.3.	<i>MUB1.3.1.</i>	<i>Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais dos distintos períodos da historia da música.</i>	
B1.4.	<i>MUB1.4.1.</i>	<i>Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</i>	
	<i>MUB1.4.2.</i>	<i>Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</i>	
	<i>MUB1.4.3.</i>	<i>Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</i>	
	<i>MUB.1.4.4.</i>	<i>"Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</i>	
B1.6.	<i>MUB1.6.1.</i>	<i>Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</i>	
	<i>MUB1.6.2.</i>	<i>Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</i>	
	<i>MUB.1.6.3.</i>	<i>Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</i>	
	<i>MUB.1.6.4.</i>	<i>Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu</i>	

		<i>grupo.</i>
	<i>MUB.1.6.5.</i>	<i>Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</i>
BLOQUE 2	Escoita	Escoita
B2.1	<i>MUB2.1.3.</i>	<i>Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución nos diferentes períodos da hª da música.</i>
B2.2	<i>MUB2.2.1.</i>	<i>Segue e entende partituras, musicogramas e outro material audiovisual como apoio á audición de obras dos estilos estudados neste trimestre.</i>
B2.3.	<i>MUB2.3.1.</i>	<i>Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</i>
B2.4.	<i>MUB2.4.1.</i>	<i>Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</i>
	<i>MUB2.4.2.</i>	<i>Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas: música da Idade Media, Renacemento, rock dos anos 50...</i>
B2.5.	<i>MUB2.5.1.</i>	<i>Describe os diferentes elementos das obras musicais propostas.</i>
	<i>MUB2.5.2.</i>	<i>Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical a través da audición.</i>
	<i>MUB2.5.3.</i>	<i>Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</i>
BLOQUE 3	Contextos musicais e culturais	
B3.1.	<i>MUB3.1.3.</i>	<i>Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia (Idade Media, Renacemento e rock dos 50).</i>
B3.2.	<i>MUB3.2.1.</i>	<i>Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</i>

B3.3.	MUB3.3.1.	<i>Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes</i>
B3.4.	MUB3.4.1.	<i>"Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais na Idade Media, Renacemento e rock dos 50.</i>
B3.5.	MUB3.5.1.	<i>"Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</i>
	MUB3.5.2.	<i>Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade</i>
B3.6.	MUB3.6.1.	<i>Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións</i>
	MUB3.6.2	<i>Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</i>
BLOQUE 4 <i>Música e tecnoloxías</i>		
B4.1.	MUB4.1.1.	<i>Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</i>
B4.2	MUB4.2.1.	<i>Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</i>
BLOQUE 5 <i>Actitudes</i>		
B1.4.	MUB1.4.1.	<i>Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</i>
B1.5.	MUB1.5.2.	<i>Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</i>
B1.6.	MUB1.6.3.	<i>Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/-a e dos compañeiros/as.</i>
	MUB1.6.4.	<i>Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e a outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</i>
	MUB1.6.5.	<i>Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</i>

B2.3.	MUB2.3.1.	<i>Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</i>
B2.5.	MUB2.5.1.	<i>Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</i>
B3.2.	MUB3.2.1.	<i>Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</i>
B3.3.	MUB3.3.1.	<i>Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.</i>
B3.5.	MUB3.5.2.	<i>Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</i>
B5.1.	MUB5.2.1.	<i>Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula e a autoridade do profesorado</i>
B5.2	MUB5.4.1.	<i>Realiza as tarefas encomendadas amosando interese e esforzo</i>

4º ESO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

BLOQUE 1		Interpretación e creación
ID. DO CRITERIO	ID. DO ESTÁNDAR	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1.	MUB1.1.1.	Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación.
	MUB1.1.2.	Le partituras como apoio á interpretación.
B1.2.	MUB1.2.1.	Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas, cun nivel crecente de complexidade.
B1.3.	MUB.1.3.1.	Coñece e emprega axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compoñer música a nivel moi básico.
BLOQUE 2		Escoita
B2.1	MUB2.1.1.	Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.
	MUB2.1.2.	Le e analiza partituras como apoio á audición
B3.2.	MUB3.2.1.	Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
BLOQUE 3		Contextos musicais e culturais
B2.2.	MUB2.2.1.	Analiza críticas musicais e emprega un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
B2.3.	MUB2.3.1.	Emprega con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
B2.4.	MUB2.4.1.	Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeseos empregando unha terminoloxía axeitada.
	MUB2.4.2.	Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.

B2.6.	MUB2.6.1.	<i>Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación</i>
B3.1.	MUB3.1.2.	<i>Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.</i>
B3.2.	MUB3.2.2.	<i>Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana (jazz e rock).</i>
B3.4.	MUB3.4.1.	<i>Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.</i>
	MUB3.4.2.	<i>Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.</i>
B4.1.	MUB4.1.2.	<i>Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical, consecuencia dos avances tecnolóxicos.</i>
BLOQUE 4 <i>Música e tecnoloxías</i>		
B4.1.	MUB4.1.1.	<i>Selecciona e emprega recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.</i>
B4.5.	MUB4.5.2.	<i>Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</i>
	MUB4.5.3.	<i>Emprega a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila empregando diferentes soportes.</i>
BLOQUE 5 <i>Actitudes</i>		
B1.1.	MUB1.1.1.	<i>Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para acadar un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</i>
	MUB1.1.3.	<i>Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.</i>
B2.4.	MUB2.4.3.	<i>Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polas preferencias musicais doutras persoas.</i>
B2.5.	MUB2.5.1.	<i>Amosa unha actitude crítica cara o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.</i>
B3.1.	MUB3.1.1.	<i>Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.</i>
B4.5.	MUB4.5.1.	<i>Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</i>
B5.1	MUB5.1.1.	<i>Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula</i>

B5.2	<i>MUB5.2.1.</i>	<i>Acepta a autoridade do profesorado</i>
B5.3	<i>MUB5.3.1.</i>	<i>Realiza as tarefas encomendadas</i>
B5.4	<i>MUB5.4.1.</i>	<i>Amosa esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas</i>

2. Avaliación e cualificación 1ª e 2ª avaliación

<p>Avaliación 1º e 2º trimestre</p>	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Os procedementos de avaliación serán: probas escritas, traballos orais ou escritos, observación directa, revisión de cadernos ou outro material...</p> <p>A cualificación de cada proba ou traballo calcúlase sobre 10 puntos. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.</p> <p>Un 30% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado durante o primeiro e segundo trimestre. Estes estándares serán os do bloque 5.</p> <p>O 70% restante para as dúas primeiras avaliacións dividirase entre as distintas probas relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas proporcional ao tempo invertido na aula para preparar os contidos desa proba.</p> <p>O departamento contempla unha redución de medio punto sobre a nota da avaliación (negativo) por actitudes contra a convivencia na aula ou por falta manifesta de esforzo (recollido no bloque 5), o que será debidamente rexistrado no caderno do profesorado. Asemade, contempla un aumento de medio punto sobre a nota da avaliación (positivo) pola presentación de traballos voluntarios propostos polo profesorado.</p> <p>O redondeo da nota de avaliación aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p> <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación relacionada cos contidos conceptuais e procedimentais traballados no trimestre. A parte práctica avaliarase por observación directa da interpretación do alumno. Os estándares correspondentes á actitude, recollidos no bloque 5, avaliaranse mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal. A cualificación final será a media da cualificación numérica final das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>As tarefas e actividades realizadas durante o terceiro trimestre a distancia, poderán subir esa media final ata un punto máis. Para iso terase en conta a media das cualificacións das devanditas tarefas e actividades</p> <p>Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio para a cualificación da avaliación final ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none">• Coas dúas primeiras avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria.• Coas dúas primeiras avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria se a súa media final (tendo en conta tamén as tarefas encomendadas na 3ª avaliación) non chega ó cinco• Cunha soa avaliación suspensa (1ª ou 2ª), o alumno poderá aprobar a avaliación final ordinaria se a súa media final (tendo en conta tamén as

	<p>tarefas encomendadas na 3º avaliación) supera o cinco.</p> <p>No caso de alumnos con algunha avaliación pendente, e tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos neste terceiro trimestre, poderase propoñer algunha proba ou traballo de recuperación desas avaliacións co fin de facilitar a superación final da materia. Estas actividades de recuperación faranse a través dos medios de comunicación utilizados para a docencia non presencial (aula virtual, correo electrónico, páxina web do centro...)</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais da primeira e segunda avaliación. A proba valorarase sobre 10 puntos e nela, cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Non existen alumnos coa música pendente en ningún dos niveis educativos da ESO este curso 2019-2020</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas neste terceiro trimestre serán de repaso e reforzo de todo o traballado nas anteriores avaliacións. Non se contempla ampliación de contidos. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e búsqueda na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>As actividades para este terceiro trimestre subiranse periodicamente á aula virtual do centro. No caso de fichas escritas ou cuestionarios, subirase a corrección da ficha cunha semana de marxe para que os propios alumnos corrixan os seus exercicios e se autoavalíen. Os alumnos deberán enviar por correo os traballos corrixidos e puntuados por eles á profesora para a</p>

	<p>súa revisión, aínda que ocasionalmente se lles pode pedir algún material concreto sen autocorrección, tales como traballos de investigación ou probas con carácter de exames. As dúbidas, do alumnado, aclaracións, explicacións e o seu seguimento académico farase tamén a través do correo electrónico.</p> <p>No caso de ter constancia dalgún alumno ou alumna sen conectividade ou con problemas que lle impidan levar a cabo as tarefas propostas, tentarase facerlle chegar por outros medios todo o material co que se traballa (correo electrónico se dispón do mesmo, ou correo ordinario dende o propio centro en canto a lei o permita. A comunicación en caso de que non sexa posible a través do correo farase vía telefónica.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en pdf, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese,, Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos word e pdf, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.</p>
<p>4. Información e publicidade</p>	
<p>Para a publicación das actividades usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e videoconferencia.</p>	

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019 /2020

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL
1º BAC

1º BAC

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

<i>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</i>		
BLOQUE 1	Destrezas musicais	
ID. DO CRITERIO	ID. DO ESTÁNDAR	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1.	LPMB1.1.1.	<i>Coñece algúns do órganos e as funcións do aparato fonador.</i>
	LPMB1.1.2.	<i>Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc. , e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal</i>
	LPMB1.1.3.	<i>Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.</i>
B1.2	LPMB1.2.1.	<i>Reproduce e identifica intervalos, escalas e acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.</i>
B1.3	LPMB1.3.1.	<i>Interpreta instrumental ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas axeitada a este nivel dunha obra ou dun fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.</i>
	LPMB1.3.2.	<i>Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, empregando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.</i>
	LPMB1.3.3.	<i>Practica a lectura e a escrita musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.</i>
BLOQUE 2	A audición comprensiva	
B2.1	LPMB2.1.1	<i>Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e acada unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha idónea execución individual ou colectiva.</i>
B2.2	LPMB2.2.1	<i>Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, formais, tímbricos etc... das obras escoitadas ou interpretadas.</i>
	LPMB2.2.2	<i>Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio da audición.</i>
	LPMB2.2.3	<i>Escoita obras musicais seguindo a partitura.</i>

B2.2	LPMB2.2.4	<i>Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias dos distintos tipos de música</i>
	LPMB2.2.5	<i>Describe as características das obras escoitadas, empregando a terminoloxía axeitada.</i>
BLOQUE 3 A teoría musical		
B3.1.	LPMB3.1.1.	<i>Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.</i>
	LPMB3.1.2	<i>Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.</i>
B3.2.	LPMB3.2.1	<i>Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, empregando diferentes soportes.</i>
	LPMB3.2.2	<i>Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.</i>
	LPMB3.2.3	<i>Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</i>
BLOQUE 4 A creación e a interpretación		
B4.1.	LPMB4.1.1.	<i>Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, coordinándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.</i>
B4.2	LPMB4.2.1.	<i>Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea, e estruturados nunha forma musical.</i>
B4.3	LPMB4.3.1.	<i>Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.</i>
	LPMB4.3.2.	<i>Mantén unha actitude positiva ante a música, e ante os compañeiros e compañeiras.</i>
	LPMB4.3.3.	<i>Emprega os instrumentos da aula cunha técnica correcta.</i>
	LPMB4.3.4.	<i>Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente nas actividades de interpretación.</i>
	LPMB4.3.5.	<i>Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis do grupo.</i>
B4.5	LPMB4.5.2.	<i>Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.</i>
	LPMB4.5.1.	<i>Compórtase de maneira axeitada como espectador/-a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos.</i>

BLOQUE 5 <i>As tecnoloxías aplicadas ó son</i>		
B.5.2	MUB5.2.1.	<i>Emprega de xeito autónomo os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.</i>
BLOQUE 6.	Actitude e esforzo	
B.6.1	MUB6.1.1.	<i>Acepta e cumpre as normas de convivencia na aula</i>
	MUB6.1.2.	<i>Acepta a autoridade do profesorado</i>
	MUB6.1.3.	<i>Realiza as tarefas encomendadas</i>
	MUB6.1.4.	<i>Amosa esforzo e interese ó realizar as tarefas encomendadas</i>

2. Avaliación e cualificación 1ª e 2ª avaliación

Avaliación 1º e 2º trimestre	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Os procedementos de avaliación serán: probas escritas, traballos orais ou escritos, observación directa, revisión de cadernos ou outro material...</p> <p>A cualificación de cada proba ou traballo calcúlase sobre 10 puntos. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.</p> <p>Un 20% da nota da avaliación corresponderá á valoración do esforzo e actitude en relación cos estándares correspondentes, mediante observación directa e rexistro no caderno do profesorado durante o primeiro e segundo trimestre. Estes estándares serán os do bloque 6.</p> <p>O 80% restante para as dúas primeiras avaliacións dividirase entre as distintas probas relacionadas cos contidos conceptuais e procedimentais, cunha porcentaxe de cada unha delas proporcional ao tempo invertido na aula para preparar os contidos desa proba.</p> <p>O departamento contempla unha redución de medio punto sobre a nota da avaliación (negativo) por actitudes contra a convivencia na aula ou por falta manifesta de esforzo (recollido no bloque 6), o que será debidamente rexistrado no caderno do profesorado. Asemade, contempla un aumento de medio punto sobre a nota da avaliación (positivo) pola presentación de traballos voluntarios propostos polo profesorado.</p> <p>O redondeo da nota de avaliación aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p>
Cualificación final	<p>Non hai proba de avaliación final. A materia é eminentemente procedimental, polo que o departamento considera que a avaliación continua é o referente principal. A cualificación final será a media da cualificación numérica final das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>As tarefas e actividades realizadas durante o terceiro trimestre a distancia, poderán subir esa media final ata un punto máis. Para iso terase en conta a media das cualificacións das devanditas tarefas e actividades e subirase a parte proporcional sobre un punto .</p> <p>A maiores disto, poderanse propoñer outras actividades de carácter voluntario que poderán subir a media independentemente das actividades anteriormente mencionadas.</p>

	<p>Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio para a cualificación da avaliación final ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coas dúas primeiras avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria. • Coas dúas primeiras avaliacións suspensas o alumno/a suspenderá a avaliación ordinaria se a súa media final (tendo en conta tamén as tarefas encomendadas na 3ª avaliación) non chega ó cinco • Cunha soa avaliación suspensa (1ª ou 2ª), o alumno poderá aprobar a avaliación final ordinaria se a súa media final (tendo en conta tamén as tarefas encomendadas na 3º avaliación) supera o cinco. <p>No caso de alumnos con algunha avaliación pendente, e tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos neste terceiro trimestre, poderase propoñer algunha proba ou traballo de recuperación desas avaliacións co fin de facilitar a superación final da materia. Estas actividades de recuperación faranse a través dos medios de comunicación utilizados para a docencia non presencial (aula virtual, correo electrónico, páxina web do centro...)</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais da primeira e segunda avaliación. A proba valorarase sobre 10 puntos e nela, cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p>
<p>Avaliación de materia pendentes</p>	<p>Non existen alumnos coa música pendente neste nivel educativo</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades propostas neste terceiro trimestre serán de repaso e reforzo de todo o traballado nas anteriores avaliacións. Non se contempla ampliación de contidos. As actividades presentaranse preferiblemente a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, de investigación e búsqueda na rede ou actividades de tipo artístico (interpretación de cancións vocais ou instrumentais gravadas en vídeo ou audio, etc.) Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	As actividades para este terceiro trimestre subiranse periodicamente á aula virtual do centro. No caso de fichas escritas ou cuestionarios, subirase a corrección da ficha cunha semana de marxe para que os propios alumnos corrixan os seus exercicios e se autoavalíen. Os alumnos deberán enviar por correo os traballos corrixidos e puntuados por eles á profesora para a súa revisión, aínda que ocasionalmente se lles pode pedir algún material concreto sen autocorrección, tales como traballos de investigación ou probas con carácter de exames. As dúbidas, do alumnado, aclaracións, explicacións e o seu seguimento académico farase tamén a través do correo electrónico. No caso de ter constancia dalgún alumno ou alumna sen conectividade ou con problemas que lle impidan levar a cabo as tarefas propostas, tentarase facerlle chegar por outros medios todo o material co que se traballa (correo electrónico se dispón do mesmo, ou correo ordinario dende o propio centro en canto a lei o permita). A comunicación en caso de que non sexa posible a través do correo farase vía telefónica.
Materiais e recursos	O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propias profesoras do Departamento de Música: Cuestionarios, temas, e outras actividades en pdf, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese,, Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos word e pdf, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.

4. Información e publicidade

Para a publicación das actividades usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e videoconferencia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019 /2020

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA
2º BAC

2º BAC

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

BLOQUE 1 Percepción, análise e documentación		
ID. DO CRITERIO	ID. DO ESTÁNDAR	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
HMDB1.1.	HMDB1.1.1.	<i>Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.</i>
	HMDB1.1.2.	<i>Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música.</i>
	HMDB1.1.3.	<i>Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración de comentarios.</i>
HDMB1.2	HMDB1.2.1.	<i>Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e a danza.</i>
	HMDB1.2.2.	<i>Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.</i>
	LPMB1.2.3.	<i>Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ ou estilístico.</i>
HDMB1.3.	HMDB1.3.1.	<i>Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia. .</i>
	HDMB1.3.2.	<i>Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.</i>
HMDB1.4.	HMDB1.4.1.	<i>Describe as formulacións plasmadas polo autor do texto en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.</i>
	HMDB1.4.2.	<i>Elabora unha análise do texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.</i>
HMDB1.5.	HMDB1.5.1.	<i>Comprende e explica o papel da música e a danza, e o xeito en que se relacionan con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.</i>
	HMDB1.5.2.	<i>Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.</i>
HMDB1.6.	HMDB1.6.1	<i>Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación</i>

	HMDB1.6.2	<i>Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.</i>
BLOQUE 2	A música e a danza da Antigüidade á Idade Media	
HMDB 2.1	HMDB 2.1.1	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas, e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas
	HMDB 2.1.2	Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período.
HMDB 2.2	HMDB 2.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos.
BLOQUE 3	O Renacemento	
HDMB 3.1.	HDMB 3.1.1.	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
	HDMB 3.1.2	Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período.
HDMB 3.2.	HDMB 3.2.1	Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, estilo ou un autor determinado, e establece xuízos críticos.
BLOQUE 4	O Barroco	
HDMB 4.1.	HDMB 4.1.1.	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
	HDMB 4.1.2.	Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período.
HDMB 4.2.	HDMB 4.2.1.	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos.
BLOQUE 5	O Clasicismo	
HMDB.5.1.	HDMB 5.1.1.	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
	HDMB 5.1.2.	Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período.
HMDB.5.2.	HDMB 5.2.1.	Analiza a complexidade de circunstancias que pola súa importancia determinan o desenvolvemento dunha época, un

		estilo ou un autor determinado, establecendo xuízos críticos.
BLOQUE 6.	O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo	
HMDB.6.1.	HMDB 6.1.1.	Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.
	HDMB 6.1.2.	Acepta a autoridade do profesorado
HMDB.6.2.	HMDB 6.2.1.	Coñece e describe as obras e os autores máis representativos deste período.

2. Avaliación e cualificación 1ª e 2ª avaliación

Avaliación 1º e 2º trimestre	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Os procedementos de avaliación poderán ser: probas escritas, traballos e actividades orais ou escritos, observación directa, revisión de actividades na aula...</p> <p>A cualificación de cada proba ou traballo calcúlase sobre 10 puntos. O redondeo farase exclusivamente sobre a nota final de cada avaliación.</p> <p>O total da nota dividirase entre as distintas probas escritas relacionadas cos contidos de cada trimestre. No caso de que, a maiores das probas escritas, existan traballos doutro tipo (de investigación, exposicións orais, artísticos, etc...) que non sexan de carácter voluntario, estes poderán supoñer ata un 10 % da nota da avaliación, dividíndose o porcentaxe restante entre as probas escritas.</p> <p>Unha proba concreta non superada non terá necesariamente que ser recuperada se a cualificación xeral desa avaliación é positiva atendendo aos criterios xerais de avaliación.</p> <p>O redondeo da nota de avaliación aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p> <p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Farase como mínimo unha proba escrita por avaliación relacionada cos contidos conceptuais e procedimentais traballados no trimestre. Poderán valorarse tamén traballos escritos ou orais, ou actividades escritas ou orais realizadas durante a clase.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final será a media da cualificación numérica final das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>As tarefas e actividades realizadas durante o terceiro trimestre a distancia, poderán subir esa media final ata un punto máis. Para iso terase en conta a media das cualificacións das devanditas tarefas e actividades e subirase a parte proporcional sobre un punto .</p> <p>A maiores disto, poderanse propoñer outras actividades de carácter voluntario que poderán subir a media independentemente das actividades anteriormente mencionadas.</p> <p>Como norma xeral, seguirase o seguinte criterio para a cualificación da avaliación final ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none">• Coas dúas primeiras avaliacións aprobadas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria. Esa media poderase subir ata un punto coa nota das actividades realizadas durante o terceiro trimestre na aula virtual.• Cunha soa avaliación suspensa (1ª ou 2ª), o alumno poderá aprobar a avaliación final ordinaria se a súa media final (tendo en conta tamén a nota das tarefas encomendadas na 3ª avaliación) supera o cinco.• Coas dúas primeiras avaliacións suspensas o alumno/a aprobará a avaliación ordinaria se a súa media final (tendo en conta tamén a nota das tarefas encomendadas na 3ª avaliación) chega ó cinco.• Coas dúas primeiras avaliacións suspensas, no caso de que a media final non chegue ó cinco a pesar da nota das tarefas deste terceiro trimestre, o alumno/a terá que recuperar unha ou as dúas avaliacións, para asegurarse unha media de cinco.

<p>Recuperación de avaliacións suspensas</p>	<p>Tendo en conta a situación actual, unha vez revisadas as cualificacións de todo o alumnado da materia no presente curso e co fin de favorecer a superación da mesma, propónse a recuperación das avaliacións suspensas ou a posibilidade de subir anota coas seguintes pautas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ A recuperación de avaliacións suspensas ou a posibilidade de mellorar a nota nalgunha delas farase a distancia, de xeito non presencial. ▪ Subiranse unha serie de actividades escritas á aula virtual con tal propósito, estando informados a través do correo todo o alumnado. ▪ Estas actividades subiranse un día concreto, a ser posible acordado cos propios alumnos, e terán un prazo máximo de entrega proposto pola profesora. ▪ As actividades poderanse realizar consultando e utilizando todo o material e medios do que o alumnado dispoña. ▪ Estas actividades subirán un punto enteiro a nota final da avaliación a recuperar sempre que a súa cualificación chegue ó 9 ou o supere. En caso de puntuar menos de 9 nas actividades non se subirá ese punto á nota final da avaliación, co cal a media dese trimestre quedará como estaba. ▪ En caso de conseguir ese punto na avaliación ou avaliacións elixidas, a media final farase de novo tendo en conta a nota actualizada e aplicarase para iso todo o especificado no parágrafo referido á cualificación final da materia. <p>Todos os alumnos do presente curso académico matriculados na materia de HMD, están en disposición de aprobar a materia seguindo as pautas propostas.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Avaliarase cunha proba escrita sobre os contidos conceptuais da primeira e segunda avaliación. A proba valorarase sobre 10 puntos e nela, cada pregunta levará indicada a súa puntuación máxima. O redondeo para calcular a nota da avaliación extraordinaria aplicarase ao enteiro máis próximo e, no caso de equidistancia, ao superior.</p>
<p>Avaliación de materia pendentes</p>	<p>Non existen alumnos coa música pendente neste nivel educativo</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades propostas neste terceiro trimestre serán tanto de repaso e reforzo de todo o traballado nas anteriores avaliacións como de ampliación de contidos curriculares co fin de completar na medida do posible o curriculum da materia . As actividades presentaranse a través da aula virtual do centro e poderán ser cuestionarios escritos, actividades de audición, de visionado de vídeos, ou de investigación e búsqueda na rede. Algunha actividade poderá ter carácter voluntario, valorándose a maiores daquelas de carácter obrigatorio.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>As actividades para este terceiro trimestre subiranse periodicamente á aula virtual do centro. No caso de fichas escritas ou cuestionarios, subirase a corrección da ficha cunha semana de marxe para que os propios alumnos corrixan os seus exercicios e se autoavalíen. Os alumnos deberán enviar por correo os traballos corrixidos e puntuados por eles á profesora para a súa revisión, aínda que ocasionalmente se lles pode pedir algún material concreto sen autocorrección, tales como traballos de investigación ou probas con carácter de exames. As dúbidas, do alumnado, aclaracións, explicacións e o seu seguimento académico farase a través do correo electrónico.</p> <p>No caso de ter constancia dalgún alumno ou alumna sen conectividade ou con problemas que lle impidan levar a cabo as tarefas propostas, tentarase facerlle chegar por outros medios todo o material co que se traballa (correo electrónico se dispón do mesmo, ou correo ordinario dende o propio centro en canto a lei o permita). A comunicación en caso de que non sexa posible a través do correo farase vía telefónica.</p>
Materiais e recursos	O carecer de libro de texto nesta materia, o material de traballo estará feito polas propia profesora que imparte a materia: Cuestionarios, temas, e outras actividades en pdf, exercicios de identificación de audicións en mp3, enlaces a vídeos ou páxinas de interese. Os recursos utilizados para a elaboración do material serán basicamente informáticos: documentos word e pdf, programas de edición de partituras como Finale ou Encore, programas de edición de audio e vídeo como Sound Forge ou Vegas, capturador de imaxes, capturador de vídeos... Ademais de libros de consulta de diferentes ámbitos da música e libros de texto de diferentes editoriais tamén para consulta.

4. Información e publicidade

Para a publicación das actividades usarase preferiblemente a aula virtual, podéndose utilizar de forma ocasional a propia páxina web do centro, onde tamén se poñerán as notificacións xerais para todo o alumnado e as novas de interese que podan xurdir. A comunicación persoal cos alumnos será a través do correo electrónico, cos titores e outros profesores a través do correo electrónico ou videoconferencia na plataforma Webex ou similar. No caso de ter que comunicarse coas familias, será a través do teléfono. Por outra banda, as profesoras do Departamento estarán tamén en comunicación a través do correo, teléfono, Wassap e videoconferencia.

Lugo, 12 de maio 2020

A handwritten signature in black ink, slanted upwards to the right. The signature appears to read 'María Cabo' followed by a stylized flourish.

Asdo.: María Cabo Carballal

Xefa do Departamento